

## De Rosalía a Manuel Rivas: análise da tradución galego-inglesa (1964-2010)

Jonathan Dunne

### libros



CARREIRO, Pepe.  
**Compostela: History of a legend**  
(Compostela: A historia dunha lenda). Planet, Toxosoutos, Noia 2003. Translation: Alfredo Blanco Ríos.



CASARES, Carlos.  
**Wounded Wind**  
(Vento ferido). Planet, Aberystwyth 2004. Translation: Rosa Rutherford.




CASTELAO, Alfonso.  
**Things** (Cousas). Planet, Aberystwyth 2001. Translation: Kirsty Hooper, Isabel Mancebo Portela, Craig Patterson, Manuel Puga Moruxa. Foreword: Craig Patterson.



CONDE, Alfredo.  
**The Griffon** (Xa vai o griffón no vento). Bystander, Melbourne 2000. Translation: Roy C. Boland.



CONDE, Alfredo.  
**Romasanta: Uncertain memoirs of the Galician wolfman**  
(Romasanta: Memorias incertas do home lobo). Antipodas, Sydney 2006. Translation: Roy C. Boland.



CUNQUEIRO, Álvaro.  
**People from Here and Beyond** (Xente de aquí e de acolá). Iberia, Madrid 1989. Translation: Sheila Ingrisano.

O primeiro libro da literatura galega que se publica en inglés é *Poems of Rosalía de Castro* en 1964, unha escolma de corenta poemas galegos feita por Xosé Filgueira Valverde, traducida por Charles David Ley e editada polo Ministerio de Asuntos Exteriores en Madrid. O seguinte tardará ata 1989: *Xente de aquí e de acolá* de Álvaro Cunqueiro en tradución de Sheila Ingrisano, parte dunha colección que editou a compañía aérea Iberia en castelán, inglés e francés para os seus pasaxeiros. Estes son os únicos títulos da literatura galega en inglés que se editaron dende Madrid. Os demais editáronse en Galicia (9 títulos), Gran Bretaña (16), Estados Unidos (6) e Australia (2) entre 1991 e 2010, ano no que sae *Os libros arden mal* de Manuel Rivas, traducido por Jonathan Dunne e editado por Harvill Secker (que editou cinco dos seis títulos que ten publicado este autor en inglés). En total son 35 libros galegos en inglés ao longo dun período de 46 anos (34 nos últimos 21 anos). Non falo aquí da literatura galego-portuguesa da época medieval, senón da literatura galega dos séculos XIX-XXI.

Podemos mirar primeiro os títulos e logo os editores. Dos 35 libros galegos en inglés (que cito na páxina web <http://www.smallstations.com/galician.htm>), 19 son títulos individuais mentres que 16 son escolmas. Entre os 19 títulos individuais, sete son clásicos e doce son de autores contemporáneos. Os sete clásicos son, despois de *Xente de aquí e de acolá*, *Merlín e familia* (1996), *De catro a catro* (o único título clásico de poesía) e *Cousas* (ambos 2001), *Memorias dun neno labrego* e *Vento ferido* (2004) e *Arredor de si* (2007). Entre os autores contemporáneos destaca Manuel Rivas con catro títulos individuais: *O lapis do carpinteiro* (2001), *¿Que me queres, amor?* (2002), *En salvaxe compañía* (2003) e *Os libros arden mal* (2010). Despois veñen Alfredo Conde (*Xa vai o griffón no vento*, 2000; *Romasanta*, 2006) e Chus Pato (*Charenton*, 2007; *m-Talá*, 2009) con dous títulos;

e logo, cun título, Miguel-Anxo Murado (*Bestiario dos descontentos*, 1993), María Xosé Queizán (*A semellanza*, 1999), Pepe Carreiro (*Compostela*, 2003) e Domingo Villar (*Ollos de auga*, 2007).

Entre as 16 escolmas, dez son de autores varios e seis individuais. Cinco das escolmas xerais premian a poesía, catro a prosa e unha ten ambos xéneros. Todas estas teñen autores contemporáneos; as que editan Kathleen March e Jack Hill dan espazo así mesmo a autores clásicos do século XX. Das seis escolmas individuais, tres son da poesía galega e castelá de Rosalía, dúas son de Manuel Rivas (os tres contos da película *A lingua das bolboretas* – dúas destas traducións incluíronse logo na tradución de *¿Que me queres, amor?* – e unha escolma de oitenta poemas) e unha é de Xosé Luís Méndez Ferrín (dezaioito contos).


Esta é a totalidade da literatura galega que se publicou en inglés como libros. Máis tarde habería que facer un estudo dos textos soltos que saíron en revistas, Internet, etc. ¿Quen os publicou e cantos se venderon? O lugar máis propicio para os libros galegos en inglés é Gran Bretaña (16 títulos) e, dentro de Gran Bretaña, Londres. En Londres, Harvill Secker (parte do conglomerado Random House) publicou cinco títulos de Manuel Rivas: catro títulos individuais e a escolma *A lingua das bolboretas*. Outras dúas editorías en Londres, Everyman (parte de Orion Books) e Arcadia Books, publicaron cadanseu título: *Merlín e familia* e *Ollos de auga*. Isto é importante porque seis destes títulos (sen *Os libros arden mal*, que acaba de saír) son os únicos da literatura galega en inglés dos que se venderon máis de mil exemplares. Se incluímos as edicións norteamericanas da obra de Rivas publicadas por Overlook Press, as vendas son as seguintes: *O lapis do carpinteiro*, 12000 exemplares; *¿Que me queres, amor?*, 4500; *En salvaxe compañía*, 3800; *Merlín e familia*, 2000; *A lingua das bolboretas*, 1800; e *Ollos de auga*, 1400. Inflúe o feito de editarse en Londres. Shearsman Books en Exeter, unha excelente editora de poesía, publicou os dous títulos de Chus Pato e a escolma máis recente de Rosalía (vendas ata 100 exemplares) mentres que Planet Books en Gales publicou dous dos títulos clásicos, *Cousas* e *Vento ferido*, xunto coa escolma de Ferrín (vendas ata 350 exemplares). Remata a lista Hamlet (editorial do Departamento de Literatura, Cine e Estudos Teatrais da Universidade de Essex, onde Jack Hill



CUNQUEIRO, Álvaro. **Merlin and Company** (Merlín e familia). Everyman, London 1996. *Translation and foreword: Colin Smith.*



MURADO, Miguel-Anxo. **A Bestiary of Discontent** (Bestiario dos descontentos). Edwin Mellen, Lewiston-Queenston-Lampeter 1993. *Translation: Carys Evans-Corrales.*



NEIRA VILAS, Xosé. **Memoirs of a Peasant Boy** (Memorias dun neno labrego). Trafford, Victoria-Oxford 2004. *Translation: Camilo Ogando Vázquez.*



OTERO PEDRAYO, Ramón. **Circling** (Arredor de si). Amaranta, Santiago de Compostela 2007. *Translation: Kathleen March.*



PATO, Chus. **Charenton** (Charenton). Shearsman, Exeter 2007; Buschek, Ottawa 2007. *Translation: Erin Moure.*



PATO, Chus. **m-Talá** (m-Talá). Shearsman, Exeter 2009; Buschek, Ottawa 2009. *Translation: Erin Moure.*



PÉREZ SÁNCHEZ, Manuel Antonio. **From Four to Four** (De catro a catro). Puckerbrush Review, Orono 2001. *Translation: John Burns.*

QUEIZÁN, María Xosé. **The Likeness** (A semellanza). Peter Lang, New York-Berne-Berlin-Brussels-Frankfurt-Vienna 1999. *Translation: Ana M. Spitzmesser.*



RIVAS, Manuel. **The Carpenter's Pencil** (O lapis do carpinteiro). Harvill, London 2001; Overlook, Woodstock-New York 2001. *Translation: Jonathan Dunne.*



RIVAS, Manuel. **Vermeer's Milkmaid and Other Stories** (¿Que me queres, amor?). Harvill, London 2002; Overlook, Woodstock-New York 2008. *Translation: Jonathan Dunne.*



RIVAS, Manuel. **In the Wilderness** (En salvaxe compañía). Harvill, London 2003; Overlook, Woodstock-New York 2006. *Translation: Jonathan Dunne.*



RIVAS, Manuel. **Books Burn Badly** (Os libros arden mal). Harvill Secker, London 2010. *Translation: Jonathan Dunne.*



VILLAR, Domingo. **Water-Blue Eyes** (Ollos de auga). Arcadia, London 2007. *Translation: Martin Schifino.*



foi profesor), Foreign Demand (editorial de Xelís de Toro) e a miña propia editorial, Small Stations Press, que publicaron cadansúa escolma (de poesía, de contos e da poesía de Rivas).

Son relativamente poucas as publicacións en Estados Unidos e Australia, onde xeralmente son publicacións académicas: dous títulos de Alfredo Conde editados polo boletín de estudos hispánicos e galegos Antípodas, que dirixe Roy Boland en Australia; *De catro a catro*, que saíu na revista Puckerbrush Review da Universidade de Maine en Estados Unidos (onde Kathleen March é profesora e John Burns foi estudante); unha terceira escolma da poesía de Rosalía, que publicou a Universidade Estatal de Nova Iork (SUNY); e outros tres títulos – *Bestiario dos descontentos*, *A semellanza* e a escolma de contos editada por Kathleen March – publicados por dúas editoriais con marcada tendencia académica (e prezos subidos): Edwin Mellen Press e Peter Lang. Un oitavo

título, *Memorias dun neno labrego*, publicao Trafford, unha empresa que se especializa na impresión baixo demanda.

Á parte dos dous títulos editados en Madrid, quedan nove títulos editados dende Galicia. Sete son escolmas: tres do PEN Clube de Galicia, unha da Asociación de Escritores en Lingua Galega (editada por Jack Hill e descargable en Internet), unha da Universidade da Coruña (en colaboración coa Universidade Municipal de Nova Iork ou CUNY), unha escolma da poesía galega última editada por Edicións Xerais e unha escolma da narrativa galega en edición non venal da Xunta de Galicia. Quedan soamente dous títulos: *Arredor de si* editada pola editorial Amaranta (de Luís Martúl e Kathleen March) e *Compostela: A historia dunha lenda* editada por Toxosoutos en Noia.

Está claro que fóra do ámbito comercial de Londres a maior parte dos libros galegos en inglés procede do ámbito académico ou institucional (asociacións literarias, entes

governamentais). Hai tamén unha clara aposta pola literatura galega en inglés por parte de varios editores, como era o caso de John Barnie de Planet (quen mantiña unha estreita relación con John Rutherford, hispanista e director do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Oxford) e como é o caso de tradutores que compaxinan ese labor co de seren editores (Kathleen March, Xelís de Toro e Jonathan Dunne). Está claro así mesmo que falta unha ponte de comunicación entre o mundo literario galego e o mundo editorial anglófono e que por esta razón non se editaron máis títulos, especialmente de autores galegos contemporáneos, en inglés. Hai exemplos excelentes a seguir para a promoción de obras no estranxeiro, como pode ser a Ireland Literature Exchange ou a Dutch Foundation for Literature. Ata o de agora, os tradutores literarios non tiveron máis elección ca de seren axentes literarios eles mesmos.



JONATHAN DUNNE, natural de Kingston-upon-Thames, Inglaterra, licenciouse en filoloxía clásica pola Universidade de Oxford. Cursou diplomas superiores de estudos hispánicos e de lingua e cultura galegas nas Universidades de Barcelona e de Santiago de Compostela. Traduce ao inglés dende o galego, o castelán, o catalán e o búlgaro, obras de Manuel Rivas, Enrique Vila-Matas, Carme Riera e outros. As súas traducións foron nominadas para importantes premios literarios, como o Premio IMPAC Dublín e o Premio Independent á Mellor Novela Estranxeira. Da súa tradución ao inglés de *Os libros arden mal* de Manuel Rivas, Amanda Hopkinson no Independent escribiu que era “un libro excepcional por un escritor excepcional”, Tom Adair no Scotsman que “Manuel Rivas lese como ningún outro escritor no planeta”. Dunne publicou dous libros propios: un poemario, *Even Though That* (2004), e un estudo vertical da lingua inglesa, *The DNA of the English Language* (2007). Está casado coa poeta búlgara Tsvetanka Elenkova, coa que dirixe a editorial Small Stations Press, que sacou unha escolma da poesía de Rivas en inglés e o segundo libro da literatura galega en búlgaro, *O lapis do carpinteiro*.

## Antoloxías



CASTRO, Rosalía de. **Poems**. Ministry of Foreign Affairs, Madrid 1964. *Translation: Charles David Ley. Edition and foreword: Xosé Filgueira Valverde.*



CASTRO, Rosalía de. **Poems**. State University of New York, Albany 1991. *Translation and edition: Anna-Marie Aldaz, Barbara N. Gantt, Anne C. Bromley.*



CASTRO, Rosalía de. **Selected Poems**. Shearsman, Exeter 2007. *Translation and edition: Michael Smith.*



MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís. **Them and Other Stories**. Planet, Aberystwyth 1996. *Translation and edition: John Rutherford, Xelis de Toro, Benigno Fernández Salgado. Foreword: Xelis de Toro.*



RIVAS, Manuel. **Butterfly's Tongue**. Harvill, London 2000. *Translation: Margaret Jull Costa, Jonathan Dunne.*



RIVAS, Manuel. **From Unknown to Unknown**. Small Stations, London-Sofia 2009. *Translation and edition: Jonathan Dunne. Foreword: John Burnside.*



VARIOUS. **An Anthology of Galician Short Stories: Así vai o conto**. Edwin Mellen, Lewiston-Queenston-Lampeter 1991. *Translation and edition: Kathleen March.*



VARIOUS. **By the Paths of Literature: Galician writers of PEN**. PEN Club of Galicia, Santiago de Compostela 1993. *Translation: María Casal, Kathleen March, Andrew T. Miller, Antonio Raúl de Toro, Gabrielle Witthaus.*



VARIOUS. **Contemporánea**. Association of Galician Language Writers, Coruña 1995. *Translation: Jack Hill. Edition: Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Carlos López Bernárdez, Luísa Villalta, Rafa Villar.*



VARIOUS. **Galician Generation of the Eighties: Three poets**. Coruña University, Coruña 1999. *Translation: Victoria Fernández Cuesta, Susan Byrne, Mónica Schinaider, Sara Villa, Jeffrey Ruth. Edition and foreword: Luciano Rodríguez.*



VARIOUS. **To Visit Me the Sea: Galician poetry 1930-1996**. Hamlet, Colchester 2000. *Translation, edition and foreword: Jack Hill.*



VARIOUS. **A tribo das baleas: An anthology of the latest Galician poetry**. Xerais, Vigo 2001. *Translation: Minia Bongiorno García. Edition and foreword: Helena González.*



VARIOUS. **Poetry is the World's Great Miracle: Poets of Galician PEN Club**. PEN Club of Galicia, Santiago de Compostela 2001. *Translation: John Burns. Foreword: María do Cebreiro Rábade Villar. Afterword: Xesús Alonso Montero.*



VARIOUS. **Let's Call Our Language Voice of Freedom: Prose writers of Galician PEN**. PEN Club of Galicia, Santiago de Compostela 2005. *Translation: Marta Dahlgren, Liliana Valado, Concepción Noia Cela. Edition and foreword: Dolores Vilavedra.*



VARIOUS. **From the Beginning of the Sea: Anthology of contemporary Galician short stories**. Foreign Demand, Brighton 2008. *Translation and edition: Oxford Centre for Galician Studies. Foreword: Kirsty Hooper.*



VARIOUS. **Telling Stories from Galicia: Writers for a new millennium**. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2008. *Translation: Miguel Guido González Szamocki, Luis Figueroa Greno. Edition and foreword: Dolores Vilavedra.*